ESPECIAL XERAIS '08

vándal@s do lareiro

Benvida

Ola a tod@s!
Aquí estamos unha vez máis! Co tempo revolto! Sen choiva, pero vendo que comezamos a ver máis luz entre tanta brétema... política! Rematou o Nadal, rematou o Entroido e agora... a Praza do Concello volverá encherse de botellas coa Feira do Viño (non rompades moitas que xa sabedes que son reutilizables).
Pero tamén é tempo de Eleccións!
Por iso facemos esta edición de inverno un pouco máis especial, ao teren acontecido moitísimas cousas que che interesarán e que son cruciais para ti, para Sober e para Galiza.
Un saúdo e... imos aló!!

Un Voto un Gol

O BNG podía ter reprobado a Magdalena Álvarez cos seus dous votos no Congreso dos Deputados, ou podía probar a exercer a **capacidade de decidir** de acordo cos intereses e principios que defende, os de **Galiza.**
Os nosos deputados optaron por ser decisivos para acougar a polémica dunha Ministra á que o AVE non lle voa en Cataluña.

Aquí non temos AVE, nin sequera temos rede propia, nin cercanías, nin…
Cantas veces se nos teñen prometido tantas cousas e logo… nin farrapos de gaita?
A **decisión** dos parlamentarios do Bloque foi crucial para comezar **a conseguir** que se nos dea o que se nos debe dar, o que sempre se nos é negado por gobernos que lle dan a espalda a Fisterra.
En política os **tratos parlamentarios** son máis seguros que as promesas!

- Incrementos nos orzamentos do Estado en 2008 para Galiza logrados polo BNG -

O BNG vén de acadar unha importante suba nos orzamentos do Estado no que atinxe a Galiza. A maiores, o noso país recibirá **104.000.000 €**, despois de que os deputados do BNG apoiasen os orzamentos Xerais do Estado.
Entre os incrementos destacan algúns coma os da seguinte listaxe:

CONCEPTO	IMPORTE €
CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN ESTRADAS E SEGURIDADE VIAL NA PROVINCIA DE LUGO	2.000.000
RESTAURACIÓN DOS FONDOS MEDIEVAIS GALEGOS DO ARQUIVO HISTÓRICO NACIONAL	200.000
DIXITALIZACIÓN DE FONDOS ARQUIVÍSTICOS GALEGOS PROPIEDADE DO ESTADO	300.000
PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	15.000.000
RESTAURACIÓN E LIMPEZA DAS MARXES DOS AFLUENTES DO MIÑO	1.200.000
RECUPERACIÓN DAS MARXES DO RÍO CABE (MONFORTE DE LEMOS)	1.500.000
ETAP DE MONFORTE	2.000.000

CONTIDO

- *Benvida* (1)
- *Un voto un gol* (1)
- *9 transferencias gracias ó BNG* (2)
- *As présas da Alcaldesa* (3)
- *Medio Rural beneficia a Sober* (3)
- *Paz Abraira* (4)
- *Podemos decidir* (5)
- *Por que non unha selección galega* (6)
- *Vivenda digna: dereito básico* (7)
- *Medicina contra o PP de Rajoy* (7)
- O Apalpador: o Papá Noel galego (8)

"Nove transferencias para Galiza grazas ao voto do BNG"

Se lésemos calquera xornal anterior ao outono poderíamos ler as reiteradas negativas de Ministras e Ministros (incluso a galega Elena Salgado), ao traspaso de máis competencias para Galiza.

Competencias que nos pertencen segundo un Estatuto de Autonomía que leva paralizado dende que o Partido Popular estivo no goberno do país, é decir, dende sempre.

As cousas semellaba que ían seguir igual co goberno de Zapatero en Madrid pero... todo cambiou nun intre crucial para unha Ministra.

O BNG foi decisivo en Madrid co seu voto rexeitando a reprobación da Ministra de Fomento, Magdalena Álvarez. Foi por iso polo que o 27 de outubro, se desbloqueou o proceso de transferencias de nove competencias para Galiza.

No pacto sobre transferencias figura o traspaso de arquivos, bibliotecas e museos de titularidade estatal. Tamén competencias para a xestión de bolsas e axudas ao estudo; expedición de títulos académicos non universitarios; facultade de declarar asociacións de utilidade pública; titularidade do Parque Nacional das Illas Atlánticas; Hospital Básico da Defensa do Ferrol, bens da Seguridade Social adscritos a servizos transferidos á Xunta en Ourense, e o pago da débeda de superficie da Administración coa Xunta como consecuencia de varias transferencias, ademais de poñer en marcha mecanismos para a cesión do castelo de Monterrei.

A entrevista tamén confirmou a asignación de 51 millóns de euros pendentes correspondentes aos anos 2008 e 2009, do total de 60 millóns de financiación adicional a Galiza para servizos sociais.

Polo tanto, grazas a ese voto decisivo para a estabilidade do goberno de Zapatero, Galiza conseguiu o mellor acordo entre o Estado e a Xunta en moitos anos.

E non vos estades a preguntar o mesmo ca min e moita xente?

E que só se lembran desta terra cando chove?

ALCALDESA, POR QUE AGORA TANTA PRÉSA?

Parece que agora hai moita présa por levar a cabo obras, melloras de infraestruturas, incrementos nas subvencións..., por parte do goberno do Concello. E logo? Que situación se dá agora para que se esixa tanto? É que as necesidades non estaban cubertas durante tantos anos de maioría do seu partido neste envellecido Concello?
Non é que as melloras no sistema eléctrico que se levaron a cabo por todo o Concello foron grazas ao investimento realizado pola Consellería de Industria, xestionada polo BNG?
Non é que, se son melloras, é porque estaban mal dende hai... tantos anos?
A Estrada Lobios-Doade está sen rematar dende que vostede está no goberno, é dicir dende hai dez anos. O PP estivo oito anos de Goberno con maioría absoluta en Sober, Lugo e Santiago. Lembremos tamén que vostede foi Deputada durante o seu primeiro mandato (catro anos) e esta estrada segue como segue.
E que non soubo, ou non quixo rematar esta obra? Se lle urxía tanto, como é que con tanto tempo de marxe e tantos gobernos favorables na Deputación onde vostede foi deputada, non rematou esta estrada?.
Está claro! Cando non hai solucións á vista o mellor é botarlle a culpa aos demais!

> " A Estrada Lobios-Doade está sen rematar dende que vostede está no goberno; dende hai dez anos. Catro deles, estando vostede na Deputación. "

Medio Rural beneficia a Sober

A Sober correspóndenlle **1.655.496 €** do ***Plan de Actuación Global de Infraestruturas Agrarias Vitícolas na Ribeira Sacra Lucense***, presentado por Anxo Quintana e Alfredo Suárez Canal hai unhas semanas en Monforte.
Unha das inversións máis comentadas, con 133.506 € é a instalación de elevadores nas viñas, que mellorará o duro traballo na ribeira, reducindo os custes de producción.
Unha pregunta, señora Alcaldesa. Por que no boletín do Concello (*Sober Hoxe*) enviado ás casas afirma que Sober recibirá 1,3 millóns de € se vai recibir 1,6 millóns de €?
Nós sabémolo.
Porque os máis de 350.000 € que a Alcaldesa non conta, serán transferidos directamente ó Concello por Medio Rural. Non informando sobre eles, a Alcaldesa pódeos vender como inversión propia do seu goberno.

> " Os máis de 350.000 € dos que a Alcaldesa non informa, serán transferidos directamente ó Concello por Medio Rural. A Alcaldesa pensaba vendelos como inversión propia do Concello. "

A nosa ribeira tamén produce unhas laranxas "de luxo".

" Precisamos desbloquear moitas cuestións pendentes en materia de infraestruturas "

Paz Abraira, número un polo BNG ao Congreso por Lugo

O BNG celebrou un acto público no Colexo de Sober, ás 20:30 horas do Martes, 29 de Xaneiro de 2008.
Acudiron medio centenar de persoas a un acto conxunto Pantón-Sober ó que finalmente non puido asistir Fernando Blanco, Conselleiro de Innovación e Industria, por problemas de saúde.
Interviñeron Paula Vázquez Verao, Responsable Local do BNG en Sober, Xesús Álvarez Goianes, voceiro do BNG no Concello de Pantón, e Paz Abraira, candidata nº 1 ó Congreso polo BNG na provincia de Lugo.
Paz Abraira (Meira, 1971) aspira a ser a primeira voz nacionalista en Madrid pola provincia de Lugo. Aposta por demostrar que a provincia de Lugo ten futuro e que "temos que rachar co tópico de que esta é unha provincia subsidiada".

" Temos que rachar co tópico de que esta é unha provincia subsidiada "

O obxectivo é reivindicar as necesidades que foron desatendidas nestes anos polo Estado.
Abraira afirma que "precisamos desbloquear moitas cuestións pendentes en materia de infraestruturas" coma asunto da A-76, onde o BNG defenderá sempre no Congreso que se minimice o impacto sobre a paisaxe e que se fagan ben os accesos para que non queden illados nin Pantón, nin Ganabal, nin Camporrairo. O BNG defenderao sempre. Sen embargo, os deputados galegos do PP e do PSOE farán o que lles digan as direccións do seus partidos.
Non se esquece tampouco de acadar "avances sociais para unha poboación moi envellecida", cousa do que sabemos moito non noso Concello, o máis envellecido do Estado, coa metade da poboación por riba dos 65 anos e tamén de "lograr o despeguede sectores productivos básicos como o agrogandeiro", pois cremos no desenvolvemento destas terras de Sober, que non son pobres, senón que están empobrecidas polos 20 anos de desgoberno do PP na Xunta e pola desidia do PP que segue a gobernar estes dous Concellos

" Avances sociais para unha poboación moi envellecida "

Estes tres eixos son nos que se centrarán as demandas da provincia.
O obxectivo é claro:

A voz de Lugo debe escoitarse en Madrid!

- Nota -

É Casa da Cultura de todos?

O Goberno municipal opina que non. Por iso Sober é o único Concello do Sur de Lugo que non permite facer actos políticos na Casa da Cultura.

Como vedes, tivemos que usar o Colexo Público.

PODEMOS DECIDIR

Dende hai trinta anos os nacionalismos catalán e basco teñen apoiado aos gobernos centrais en apuros, tanto do PP coma do PSOE.



> " Está claro que só hai unha forza política que mira por Galiza e esa é o BNG. "

Cantas veces temos escoitado dicir á xente que se en Galiza houbese un partido político coma CiU e PNV tamén o votarían?

Pois non busquedes máis. Ese partido é o BNG.

Si! Tamén o Bloque ten capacidade para poñer condicionantes políticos e converter as súas axudas en substanciosos cheques económicos ou en pactos transferenciais que ata o de agora se nos negaran.

É triste dicilo, pero semella que en Madrid só se lembran de nós cando lles é de vida ou morte, cando os seus gobernos están a piques de caer!

Está claro que só hai unha forza política que mira por Galiza e esa é o BNG.

Un só voto trocou unha situación estancada durante anos demostrando que nós tamén podemos lograr unha pequena parte do que teñen logrado bascos e cataláns.

Agora o comentario da cantina mudou e moita xente critica ao BNG por ter decidido en Madrid. Que se se vendeu, que se votou en contra dos seus principios que se... E todo por votar o mellor para o país, por conseguir as transferencias que os gobernos anteriores, cos seus xefes en Madrid nos negaron tantas veces.

Por iso debemos comezar a pensar se entre a cidadanía non se terán coado algúns renegados ou se haberá demasiada cegueira para ver que quen realmente mira para Galiza é a única forza política que só ten que responder ante ela, o BNG.

Amigos si, pero a vaquiña polo que vale!

Non regalemos máis o noso futuro! Sexamos fortes en Madrid! Sexamos decisivos!

Por que non unha selección galega?

O pasado decembro a selección galega de balompé empataba coa selección de Camerún nun ateigado estadio de Riazor. Ese día serviu para reivindicar unha vez máis unha selección para Galiza.
E por que non unha selección galega?
No Reino Unido levan toda a vida presentándose as seleccións de Inglaterra, Gales, Irlanda do Norte e Escocia e nos mundiais de balompé, rugby... cada unha acode baixo as súas cores.
As seleccións das nacións sen Estado do Estado Español poderían competir oficialmente a nivel internacional.
As reclamacións das comunidades de Cataluña, Galiza e Euskadi no ámbito do deporte tomaron, o 29 de decembro en Bilbao, un aquel simbólico".

> " Gales, Escocia, Inglaterra e Irlanda do Norte , teñen seleccións propias no Reino Unido "

As mobilizacións sociais pola oficialidade das seleccións nacionais de fútbol nas tres comunidades que gozan duns estatutos de autonomía dos máis avanzados de España foi máis que positiva.

Aínda que non politicamente, as cousas no terreo deportivo están listas e as tres seleccións son potentes (nas últimas tempadas os bascos gañáronlle a Bulgaria, Uruguai e Nixeria; mentres que os cataláns prevaleceron fronte a Chile e Ecuador; e os galegos gañáronlle a Uruguai, e empataron fronte a Ecuador e Camerún); e contan co apoio da afección.

O único que queda por facer é convencer aos dirixentes do fútbol internacional, mais primeiro hai que obter o visto bo da Federación Española de Fútbol, necesaria para participar das competicións da FIFA.
Por outro lado, tamén hai que contar coa UEFA, posto que só se permite a afiliación á FIFA a través dunha confederación continental. E en 2002 a UEFA modificou a súa constitución para que só as federacións de estados independentes, recoñecidos pola ONU, poidan entrar a facer parte da entidade; proceso que se iniciou para impedir a adhesión de Xibraltar, baixo a presión española.
Mais tamén hai que ter en conta o transfondo político no que tamén se move o fútbol e outros deportes.
Polo de agora deberemos conformarnos con ver aos deputados bascos, galegos e cataláns poñendo, no Parlamento español, as camisolas das súas respectivas seleccións nacionais.

Ah! Iso si, e aledarnos da Selección galega que, por se non o sabiades, aínda está invicta!

Vivenda digna: dereito básico

Iso é o que pensa o BNG: que a Vivenda é un dereito básico, igual que a Educación ou a Sanidade, e que os poderes públicos deben garantir o acceso a ela.
Así o pensa o BNG e así o fai. Desde a Consellaría de Vivenda, dirixida por Teresa Táboas, o BNG está a facer unha revolución en Galicia en materia de Vivenda.
Unha das apostas claras é polo aluguer.
A Consellaría ten o obxectivo de crear un parque estable de 4.000 vivendas en aluguer, que permitiría ás familias de rendas medias e baixas ter un aluguer subvencionado durante cinco anos, de xeito que a vivenda non lles supoña máis do 30% dos seus ingresos.

Desde 2006 xa se beneficiaron 3.324 familias do Programa de Vivenda en Aluguer.
Tamén se aprobou unha lei pola cal o 40% do solo debe estar destinado a vivenda protexida.
Ademáis, existen axudas para a rehabilitación de vivendas vellas (coma as rehabilitacións no casco histórico de Monforte, destinadas a aluguer) e para o remate exterior das fachadas.
Que diferenza do PSOE, que tenta solucionar o problema da Vicenda co famoso cheque dos 200 € que só aumentará o prezo dos alugueres!
Que diferenza do PP coas súas medidas liberalizadoras de 1996, que o único que conseguiron foron que o prezo da Vivenda non deixase de subir!
Apostar polo BNG é apostar por unha verdadeira política social de Vivenda.

O BNG é a medicina para frear ó trasnoitado PP de Rajoy, Aznar, Acebes, Zaplana e Esperanza Aguirre

* Porque o BNG defende un Estado laico, sen que ningunha confesión relixiosa teña beneficios fiscais nin presenza nas aulas ou se crea con dereito a declarar "pecaminosas" as leis que aprobamos a maioría dos cidadáns.
* Porque o BNG defende o dereito das mulleres a decidir sobre o propio corpo, propoñendo unha lei de prazos para regular o dereito ó aborto na Sanidade pública.
* Porque o BNG defende a igualdade de todas as persoas, sen discriminación por cuestión de sexo, relixión ou condición sexual. E porque o BNG recoñece os dereitos de todos os modelos de convivencia: parellas de feito, matrimonio tradicional, "nais solteiras", matrimonio homosexual...
* Porque o BNG defende un modelo fiscal no que pague máis impostos quen máis ten.
* Porque o BNG di NON ó belicismo. O BNG rexeitou a ocupación militar do Irak e rexeita a presenza militar en Afganistán.
* Porque o BNG defende un mundo máis xusto, onde se erradique a fame, principal problema do mundo actual, e onde todos os pobos do mundo se relacionen en igualdade. Por iso defende a autodeterminación do pobo sahariano e a liberación do pobo palestino.

CULTURA E TRADICIÓNS

O Apalpador, o Papá Noel galego!!!

Houbo un tempo no que en Galiza había unha figura mítica propia do Nadal: O Apalpador. Mais nestes tempos de présa e consumo, o persoeiro autóctono ficou no esquecemento e foi substituído pola figura de Papá Noel, unha tradición centroeuropea á que a Cocacola lle puxo un traxe vermello (antes era verde), e o mercado se encargou de difundir. O Apalpador é un vello xigante, de oficio carboeiro, que fuma en pipa, vive nas altas montañas e aliméntase de xabaríns que caza e de bagos da fraga. Na noite de Nadal baixaba ás aldeas para achegarse aos nenos e ás nenas que durmían. Caladiñamente, apalpáballes as barrigas para ver se os pícaros estaban ben alimentados. Logo de desexarlles que no ano vindeiro non pasasen máis fame, marchaba deixándolles unha boa presada de castañas quentes.

A tradición, recollida por José André Lôpez Gonçález nas comarcas do Courel e do Cebreiro, posiblemente sexa un costume de orixe pre-cristián que no seu momento debeu estar espallado por todo o país e que foi desaparecendo progresivamente.

Dende este ano, a asociación *"A Gentalha do Pichel"* (Compostela) está a difundir a súa figura para recuperalo no noso país. Así que, lembrádeo! O próximo ano, os agasallos da nosa familia pode volver deixalos o noso Apalpador!!!

Ben, isto é o que hai polo de agora! Agardamos que todo o que aquí se expuxo fose interesante para vós. Seguiremos a vos informar nun vindeiro número desta revista, pero antes... permitídeme unha última cousa.

O día 9 de marzo hai eleccións xerais.

Si, volve ser domingo!, máis motivo se cabe para erguervos da cama ou do sofá! O sábado foi moi duro, xa o sei, pero de todas e todos nós depende o que aconteza nos vindeiros sábados e domingos dos próximos catro anos.

Preguntádevos... que é o que queredes para Galiza?

Catro anos cara atrás e voltar ao inmobilismo? Aos plans de melloras que nunca se levan a cabo? A promesas que nunca se cumpren? A ter que agardar propinas e favores doutros para ver cumprido o que por lei nos corresponde?

Ou, pola contra, queredes unha Galiza con voto en Madrid? Queredes un partido que sexa quen de decidir e esixir con voz propia sen ter que escoitar a superiores? Queredes o mellor para vós, para Sober, para Lugo, para... queredes que Galiza decida?

Votade, votade BNG.

Grazas unha vez máis a tod@s @s que nos estades a apoiar con esta revista e tamén a aquel@s que opinades doutro xeito.

Seguide escribíndonos sobre os temas que aquí tratamos enviando un correo ás seguintes direccións:

gaitox@yahoo.es ou **benegasober@hotmail.com**.

P.D. Poida que moit@s de vós non teñades recibido as revistas anteriores por mor de problemas no censo.

Se queredes recibilas, facédenolo saber e enviarémosvolas de seguido.

Visita a web de Galiza Nova de Lugo-Sul e entérate do proceso.

Envío postal a todos os censados en Sober de entre 18 e 30 anos nas eleccións municipais de maio de 2007. Actualizaremos o censo en marzo de 2008.